

I. Disposiciones xerais

MINISTERIO DE INDUSTRIA E ENERXÍA

6881 *REAL DECRETO 403/2000, do 24 de marzo, polo que se prohíbe a comercialización de gasolinas con chumbo. («BOE» 88, do 12-4-2000.)*

O Real decreto 1728/1999, do 12 de novembro, polo que se fixan as especificacións dos gasóleos de automoción e das gasolinas, transpuxo parcialmente a Directiva 98/70/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de outubro, relativa á calidad da gasolina e do gasóleo de automoción, establecendo as especificacións que deben cumplir os citados carburantes a partir do 1 de xaneiro do ano 2000 e a partir do 1 de xaneiro do ano 2005.

A mencionada Directiva 98/70/CE establecía, así mesmo, a prohibición de comercialización das gasolinas con chumbo nos Estados membros, a partir do 1 de xaneiro de 2000, considerando, non obstante, a posibilidade de que un Estado membro poida estar autorizado, logo de solicitude á Comisión Europea, para continuar permitindo ata o 1 de xaneiro de 2005 a comercialización de gasolina con chumbo, se pode demostrar que a prohibición implicaría graves dificultades socioeconómicas ou que, globalmente, non tería consecuencias benéficas para o ambiente ou para a saúde.

O Goberno español presentoulle á Comisión Europea unha solicitude de excepción para poder seguir comercializando gasolina con chumbo ata o 1 de xullo de 2003, solicitude supeditada á condición de que a Comisión Europea autorizase a España a solicitar unha prórroga suplementaria ata o 1 de xaneiro de 2005, no caso de que para esa data non diminuíse de maneira significativa o número de vehículos que non poden utilizar gasolina sen chumbo.

A Comisión Europea adoptou con data do 20 de decembro de 1999 a decisión de autoriza-lo Reino de España a permiti-la venda de gasolina con chumbo no seu territorio ata o 31 de decembro de 2001, notificándolle esta decisión ó Goberno español, con data do 22 de decembro de 1999, con base no artigo 254 do Tratado CE.

Este real decreto completa a transposición da Directiva 98/70/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, coa parte relativa á prohibición de comercialización das gasolinas con chumbo en todo o territorio nacional.

De acordo coa disposición adicional undécima, punto terceiro, da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, este real decreto foi sometido ó informe preceptivo da Comisión Nacional de Enerxía.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria e Enerxía, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 24 de marzo de 2000,

D I S P O Ñ O :

Artigo único. *Prohibición de comercialización de gasolinas con chumbo.*

1. Prohibírese a comercialización de gasolinas con chumbo en todo o territorio nacional a partir do 1 de xaneiro de 2002.

2. Exceptúase do disposto no punto 1 deste artigo a comercialización de gasolinas con chumbo ata un máximo do 0,5 por 100 das vendas totais de gasolinas no mercado nacional, para uso de vehículos antigos de tipo especial, a distribución dos cales se levará a cabo a través de grupos de interese especial, debendo cumplir estas gasolinas con chumbo, en todo caso, as especificacións vixentes.

Disposición adicional única. *Tratamento fiscal.*

A partir do 1 de xaneiro de 2002 as gasolinas con chumbo existentes en almacéns e retallistas terán o mesmo tratamento fiscal cós produtos a que se refire o artigo 52.d) da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Dado en Madrid o 24 de marzo de 2000.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Industria e Enerxía,
JOSEP PIQUÉ I CAMPS

XEFATURA DO ESTADO

7052 *CORRECCIÓN de errores da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuizamento civil. («BOE» 90, do 14-4-2000.)*

Advertidos errores no texto da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuizamento civil, publicado no «Boletín Oficial del Estado» suplemento número 2 en lingua galega, do 5 de febreiro, procédese a efectuar as oportunas modificacións:

Na páxina 193, primeira columna, artigo 19, punto 4, segunda liña, onde di: «... será acordado, mediante...», debe dicir: «... será acordada, mediante...».